

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9654** *Corrección de erros do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*

Advertidos erros no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 168, do 14 de xullo de 2012, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, penúltimo parágrafo, onde di: «Modifícase temporalmente o réxime retributivo do persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal », debe dicir: «Modifícase o réxime retributivo do persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal».

Na páxina 17, artigo 1.4, onde di: «A presente disposición...», debe dicir: «O presente artigo...».

Na páxina 18, artigo 3.1, cuarta liña, onde di: «percibirá», debe dicir: «percibirán».

Na páxina 19, artigo 3, debe desaparecer o número do punto 5, de forma que este punto pase a ser un segundo parágrafo do punto 4.

Así mesmo, o punto 6 debe renumerarse como punto 5.

Na páxina 20, artigo 7, que engade un segundo parágrafo ao artigo 32 da Lei 7/2007, debe suprimirse o número «2» que se inclúe ao inicio do parágrafo.

Na páxina 21, artigo 8.Tres, onde di: «Tres. Desde a entrada en vigor deste real decreto lei quedan suspendidos e sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal funcionario e laboral, subscritos polas administracións públicas e os seus organismos e entidades, vinculados ou dependentes delas, que non se axusten ao previsto neste artigo, en particular, no relativo ao permiso por asuntos particulares, vacacións e días adicionais aos de libre disposición ou de similar natureza.», debe dicir: «Tres. Desde a entrada en vigor deste real decreto lei, quedan suspendidos e sen efecto os acordos, pactos e convenios para o persoal funcionario e laboral, subscritos polas administracións públicas e os seus organismos e entidades, vinculados ou dependentes delas, no relativo ao permiso por asuntos particulares, vacacións e días adicionais aos de libre disposición ou de similar natureza.».

Na páxina 22, rúbrica do artigo 9, onde di: «Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais», debe dicir: «Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas, organismos e entidades dependentes delas e órganos constitucionais».

Na páxina 22, artigo 9, número 2.1.º, onde di: «... A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos os dous inclusive, poderase recoñecer a totalidade das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e das retribucións complementarias», debe dicir: «... A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, poderá recoñecerse unha prestación equivalente ao cen por cento das retribucións que se viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade».

Na páxina 22, artigo 9.4, primeiro parágrafo, quinta liña, debe suprimirse a expresión «se é o caso».

Na páxina 22, artigo 9.4, onde di: «... A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos os dous inclusive...», debe dicir: «... A partir do día vixésimo primeiro e ata o día cento oitenta, ambos inclusive...».

Na páxina 23, artigo 11, debe suprimirse o número «1» que aparece ao inicio do parágrafo.

Na páxina 26, artigo 14.4, onde di: «4. O disposto neste artigo producirá os seus efectos desde o 1 de outubro de 2012», debe dicir: «4. O disposto neste artigo producirá os seus efectos desde o 1 de agosto de 2012».

Na páxina 34, punto tres, liña 5, onde di: «... asignación do nivel mínimo entre as comunidades autónomas»; debe dicir: «... asignación do nivel mínimo ás comunidades autónomas».

Na páxina 36, punto nove, artigo 25 bis, onde di: «Non obstante o anterior, as...»; debe incorporarse un novo número 3 que diga: «3. Non obstante o anterior, as...».

Na páxina 37, punto dezaseis, onde di: «grao de minusvalidez»; debe dicir: «grao de discapacidade».

Na páxina 42, quinto parágrafo, onde di: « Para os efectos desta lei, consideraranse persoas con minusvalidez aquelas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento. O grao de minusvalidez deberase acreditar mediante certificación ou resolución expedida polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou órgano competente da comunidade autónoma», debe dicir: « Para os efectos desta lei, consideraranse persoas con discapacidades aquelas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. O grao de discapacidade deberase acreditar mediante certificación ou resolución expedida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais ou órgano competente da comunidade autónoma».

Na páxina 51, artigo 27, punto cinco, onde di: «Disposición adicional segunda. *Liberdade de elección de domingos e festivos*», debe dicir:

«Disposición adicional segunda. *Liberdade de elección de domingos e festivos.*

No caso de que as comunidades autónomas decidan non exercer as opcións que lles confire o número 4 do artigo 4, entenderase que os comerciantes dispoñen de plena liberdade para determinaren os domingos e festivos de apertura dos seus establecementos.»

Na páxina 53, artigo 29.Dous, polo que se modifica a disposición adicional primeira da Lei 10/1970, no número 2, onde di: «... aprobadas pola Comisión de Riscos Políticos...», debe dicir: «... aprobadas pola Comisión Executiva de Riscos Políticos...».

Nas páxinas 57 e 58, artigo 33, as referencias a «ciudades autónomas» deben substituírse por «ciudades con estatuto de autonomía».

Na páxina 63, a táboa do artigo 39.2 substitúese pola seguinte:

Retribución transporte	Miles de euros
Red Eléctrica de España, S.A.	1.294.173
Unión Fenosa Distribución, S.A.	36.992
Total peninsular	1.331.165
Red Eléctrica de España, S.A. (extrapeninsular)	146.288
Total extrapeninsular	146.288
Total	1.477.453

Na páxina 65, rúbrica da disposición adicional segunda, onde di: «Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos e acordos que afecten o persoal laboral por alteración substancial das circunstancias económicas», debe dicir: «Suspensións ou modificacións de convenios colectivos, pactos ou acordos que afecten o persoal funcionario ou laboral por alteración substancial das circunstancias económicas».

Na mesma páxina, disposición adicional segunda, onde di: «... entenderase que concorre causa grave de interese público...», debe dicir: «... entenderase, entre outras, que concorre causa grave de interese público...».

Na páxina 66, disposición adicional quinta, número 2, na penúltima liña, onde di: « ... Estado, os que desempeñen postos que teñan asignado...», debe dicir: «... Estado, e os que desempeñen postos que teñan asignado...».

Na páxina 69, disposición adicional décimo oitava, regra 1.<sup>a</sup>, segundo parágrafo, onde di: «A Administración do Estado determinará, respecto ao seu persoal, os supostos en que, con carácter excepcional e debidamente xustificado, o complemento alcance o cen por cento...», debe dicir: «A Administración do Estado determinará, respecto ao seu persoal, os supostos en que, con carácter excepcional e debidamente xustificado, o complemento poida alcanzar durante todo o período de duración da incapacidade o cen por cento...».

Na páxina 70, disposición transitoria primeira, na quinta liña, onde di: «Igualmente, o disposto neste real decreto lei...», debe dicir: «Igualmente, o disposto no artigo 9 deste real decreto lei...».

Na mesma páxina, disposición transitoria segunda, quinta liña, onde di: «... de publicación desta lei no...», debe dicir: «... de publicación deste real decreto lei no...».

Na páxina 72, na disposición transitoria décima, número 1, o cadro deberá conter os seguintes graos e niveis:

Grao e nivel:

- Grao III, gran dependencia, nivel 2.
- Grao III, gran dependencia, nivel 1.
- Grao II, dependencia severa, nivel 2.
- Grao II, dependencia severa, nivel 1.
- Grao I, dependencia moderada, nivel 2.

Na páxina 73, disposición transitoria décimo primeira, número 1, o cadro deberá conter os seguintes graos e niveis:

Grao e nivel:

- Grao III, gran dependencia, nivel 2.
- Grao III, gran dependencia, nivel 1.
- Grao II, dependencia severa, nivel 2.
- Grao II, dependencia severa, nivel 1.
- Grao I, dependencia moderada, nivel 2.

Na páxina 73, número 2, terceira liña, onde di: «... beneficiarios...», debe dicir: «... solicitantes...».

Na páxina 74, disposición transitoria décimo quinta, onde di: «As previsións contidas no artigo 10 relativas...», debe dicir: «As previsións contidas no artigo 9 relativas...».

Na páxina 75, disposición derogatoria única, onde di:

«4. Igualmente, quedan derogados.

a) O número 2 do artigo 68 da Lei de funcionarios civís do Estado de 1964, aprobada polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, na redacción dada polo artigo 51 da Lei 53/2002, do 30 de decembro.»

Debe dicir:

«4. Igualmente, quedan derogados.

a) O número 2 do artigo 68 da Lei de funcionarios civís do Estado de 1964, aprobada polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro.»

Na mesma páxina, disposición derogatoria única, queda suprimido o punto 4.d).

Na páxina 76, disposición derradeira cuarta, parágrafo primeiro: «O título I deste real decreto lei...», debe engadirse ao final: «agás os artigos 3,4,5 e 6, os números 3 e 4 do

artigo 9, o artigo 12, os números 2 a 7 do artigo 13 e os artigos 14 e 15, que son só de aplicación á Administración xeral do Estado.».

Na páxina 79, na suma correspondente á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. I. Primeiro e segundo curso <sup>(1)</sup>, onde di: «Importe total anual: 43.194,11», debe dicir: «Importe total anual: 43.194,10».

Na mesma páxina, na suma correspondente á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. II. Terceiro e cuarto curso, onde di: «Importe total anual: 58.238,06», debe dicir: «Importe total anual: 58.238,07».

Na páxina 85, na suma correspondente á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. I. Primeiro e segundo curso <sup>(1)</sup>, onde di: «Importe total anual: 59.249,49», debe dicir: «Importe total anual: 59.249,48».

Na mesma páxina, na suma correspondente á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. II. Terceiro e cuarto curso, onde di: «Importe total anual: 77.045,65», debe dicir: «Importe total anual: 77.045,66».

Na mesma páxina, na suma correspondente a PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL, onde di: «Importe total anual: 64.291,43», debe dicir: «Importe total anual: 64.291,44».

Na páxina 86, suprímese a disposición derradeira décimo primeira.

Nas páxinas 86 e 87, queda suprimida a disposición derradeira décimo segunda.